

PEZA DO MES

decembro

2021



**PUÑAL TIPO MIRAVECHE-MONTE BERNORIO
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ**

Puñal tipo Miraveche-Monte Bernorio. Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé

Polas súas especiais características morfolóxicas e decorativas, pero sobre todo pola súa aparición nun horizonte cronolóxico-cultural afastado do seu lugar de orixe, a interpretación do puñal obxecto desta *Peza do Mes* constitúe todo un reto para a investigación arqueolóxica.

Trátase dun puñal coñecido como tipo Miraveche - Monte Bernorio, como referencia aos xacementos da Meseta norte (Burgos e Palencia) nos que foi atopado por primeira vez, e que conserva a folla encastada na vaíña debido á oxidación do ferro, da que sobresae unha parte da espiga. Este reforzo interno serviría de alma a unha empuñadura (hoxe desaparecida que era de óso), como tamén está ausente o extremo superior da arma denominado pomo ou tope superior do puño. A garda ou gardapuño inferior coa forma de pequeno barco navicular, presenta unha amosega ou oco para encaixar coa pequena lingüeta no bordo da embocadura da vaíña. É precisamente esta boca a que hoxe ofrece o mellor estado de conservación de toda a vaíña. Esta é fabricada mediante dúas placas estreitas e cóncavas, adaptándose á forma biconvexa da folla do puñal, reforzada á altura da embocadura por dous apéndices perforados para os remaches –hoxe perdidos– que farían funcións de unión de ambas as partes da vaíña, á vez que decorativos mediante grandes cabezas que terían forma cónica ou de semiesfera. Na parte inferior a conreira con forma de disco reforza a unión mediante dous remaches non visibles. No reverso, tanto a conreira como a vaíña, conservan unha perforación para unha argola que formaba parte do sistema de unión ao enganche de talabarte, elemento articulado do que pende todo este conxunto do cinto do seu portador.

A decoración, de gran riqueza e natureza xeométrica, é só perceptible na actualidade por medio de radiografía debido ao efecto da corrosión do ferro. Está realizada mediante a técnica de gravado e damasquinado, pola incrustación de fíos de prata encaixados en liñas incisivas previamente sobre o metal. Na parte superior presenta un magnífico motivo de entrelazo a base de liñas paralelas que ocupa toda a superficie, como tamén é xa coñecido noutros achados, delimitado por unha dobre acanaladura transversal, ben visible á altura dos característicos apéndices perforados colocados a cada lado. Esta ornamentación complementase nos bordos da vaíña cun motivo entrelazado acoutado na unión coa conreira por unha tripla acanaladura, amosando esta unha exclusiva decoración radial con liñas de tripla acanaladura.

A tipoloxía deste puñal atópase entre unha das máis peculiares da Idade do Ferro no norte da Península Ibérica, tanto polas súas características formais e decorativas, como polo sistema de suxeición entre vaíña e enganche de talabarte. Pola súa importancia, recibiu a atención dos especialistas desde etapas moi temperás da investigación, con diferentes propostas en relación á súa orixe, tipoloxía e cronoloxía, apuntando os últimos estudos a unha datación entre o século V e finais do III a. C., incluíndose a nosa peza na fase final do desenvolvemento deste tipo de dagas; segundo os estudos do investigador C. Sanz Mínguez.

Este tipo de armas procede, fundamentalmente, de ambientes funerarios, formando parte do enxoval, nos que tamén se rexistran outras armas, o que levou a pensar que poderían tratarse maioritariamente de tumbas dunha elite de guerreiros. Así mesmo, dadas as características de moitos destes puñais, especialmente pola decoración, exclusividade e forma, cabe a posibilidade de que tamén fosen símbolo e insignia dunha determinada clase social, representativos do seu prestixio e status.

A grandes trazos, a súa distribución xeográfica límitase a unha área restrinxida, que se corresponde coa cunca alta e media do río Douro, e ao alto Ebro (Álava). De tal xeito que se constitúe un grupo ao norte, do que os xacementos máis representativos son os de Monte Bernorio (Palencia), Miraveche e Villanueva de Teba (Burgos), e outro ao sur, onde destacan os xacementos de Cogotas e La Osera, facendo de nexo entre ambos os dous focos e como emblemático exemplo a necrópole de Las Ruedas (Valladolid). Fóra desta área só se documenta un exemplar en Caravia (Asturias) hoxe desaparecido, de tal modo que é, sen lugar a dúbidas, o puñal procedente do Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé (Ourense), o máis afastado do gran núcleo orixinario, o que o sitúa como unha peza única a pesar de repetir as características xenéricas deste tipo de armas.

Un dos aspectos que máis chama a atención desta peza, máis aló das cuestións tipolóxicas, decorativas ou funcionais referidas, é, sen lugar a dúbidas, o do contexto espazo/temporal da súa aparición. Principalmente, cales puideron ser as motivacións ou as circunstancias que levaron a que un tipo de puñal representativo dunha cultura circunscrita a un territorio ocupado polos pobos indíxenas da Meseta norte, nun período que vai desde o século V a finais do III a. C., se documente nun contexto do cambio de era, na fosa do Miño, sen que se rexistren polo de agora fitos intermedios que xustifiquen a expansión deste artefacto desde o seu lugar de orixe cara ao NW Peninsular, nin as causas que levaron á súa conservación durante tan longo período de tempo.



RADIOGRAFÍA CON RESALTE DA DECORACIÓN

A localización concreta do puñal produciuse na zona máis profunda do foso do castro de Santomé, que xunto coa liña de muralla con torreón, formaba parte da estrutura defensiva deste complexo xacemento nos seus flancos máis vulnerables, mentres que o río Loña, que discorre baixo o espigón montañoso sobre o que se sitúa o castro, servíalle de defensa natural. A raíz do que coñecemos, a súa ocupación inicial debe situarse pouco antes do cambio de Era, con construcións exentas de esquinas redondeadas, que se viron alteradas a mediados do século I d. C. por outras construcións angulares, etapa na que comezou a ocupación nos laterais norte e oeste da periferia do castro, e que levou consigo o entullo do foso castrexo. A mediados do século II d. C. abandónase tanto o castro como o poboado exterior do xacemento. É a mediados do século III d. C., cando se ocupa de novo a zona da chaira e se levan a cabo edificacións puntuais na área do castro dedicadas a talleres.

No foso, o puñal apareceu asociado a diferentes materiais cerámicos de tradición castrexo, de bordos trifacetados, un pequeno fragmento de fondo de cerámica de paredes finas, vidro de perfís cerámicos e un fragmento de cunca de costelas.

Materiais que, sen lugar a dúbidas nos permiten ter unha data *ante quem*, de mediados do século I d. C., que vén reforzada polas estruturas arquitectónicas construídas sobre o entullo do foso.

Non é a primeira vez que un puñal destas características se documenta nun contexto do século I d. C., pois un exemplar en Pintia apareceu depositado na base do banco no interior dunha vivenda desta época, unha arma-reliquia a modo de ofrenda, tal vez con carácter fundacional.

Como esta peza, a de Santomé foi reforzando o seu valor intrínseco, ao converterse, polas súas especiais características formais e ornamentais, nun obxecto de veneración máis aló da súa funcionalidade. De forma que, durante o longo período de tempo, de máis de douscentos anos, que media desde a súa fabricación ata o momento da súa deposición, perda ou abandono no fondo do foso do castro, foi adquirindo un novo significado que transcendeu máis aló do propio obxecto e da súa funcionalidade orixinaria para converterse nun elemento, cun forte carácter simbólico, que permitiría ao seu novo posuidor enlazar cos seus antepasados, reforzando o sentido de pertenza.

Se concretar as razóns polas que un obxecto producido no século III a. C., aparece nun contexto de cambio de era ou de mediados do século I d. C., non é unha empresa fácil, máis complexo resulta explicar as posibles causas da súa localización nun xacemento a máis de 500 Km de distancia do seu lugar de orixe. A isto hai que engadir a súa aparición nun horizonte cultural sen, aparentemente, relacións comerciais, ou doutro tipo, coa cultura que o produciu, quitando a presenza dalgúns elementos característicos dos castros da Meseta, como as pedras fincadas, ou de determinadas manifestacións plásticas, que puideron penetrar nun determinado momento nos lindeiros da cultura castrexo, dos que o Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé se atopa afastado.

En consecuencia, unha vez revisadas todas estas evidencias, o achado só se podería explicar pola presenza no noso xacemento dalgún individuo procedente da área cultural orixinaria da Meseta, que o gardou como unha reliquia dos seus antepasados. Coñecidos son, ao respecto, os casos de mercenarios orixinarios de tribos celtiberas, lusitanas e iberas, integrados como mercenarios no exército romano, portando as armas usadas polas tribos da Meseta, de onde eran orixinarios, como pon de manifesto a escultura de Obulco (Porcuna, Jaén).



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González e
Carmelo Fernández Ibáñez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco